



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G., sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar coa Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G. o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G. que estarán enmarcadas nos seguintes obxectivos:

- a) Establecemento dun programa de formación en centros de traballo (FCT), para o alumnado que curse formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións das adegas pertencentes á Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G.
- b) Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- c) Obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade por parte dos traballadores e das traballadoras das adegas da Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G., dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional que desenvolve a consellería.
- d) Impulsar un sistema de formación dual entendida como un conxunto de accións e iniciativas formativas, mixtas de emprego e formación, que teñen por obxecto a cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral





nas empresas, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo.

- e) Desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- f) Colaboración específica cos centros da “Rede galega de Formación profesional de hostalaría” a través de distintas áreas que poidan contribuír a unha formación complementaria para o alumnado dos ciclos formativos de:
 - CM Servizos de restauración. Módulo “o viño e o seu servizo”.
 - CS Dirección de servizos de restauración. Módulo “sommelier”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que dende a Cooperativa Vitivinícola Arousana S.C.G. mostran a súa disposición a colaborar coa “Rede galega de Formación profesional de hostalaría” a través de distintas áreas que poidan contribuír a unha formación complementaria para o alumnado do ciclos formativos da familia de Hostalaría e Turismo.
2. Que as partes asinantes están dispostas a colaborar nas diferentes actuacións, previstas neste convenio, co obxectivo principal de adecuar a formación ás necesidades do sector da hostalaría, promover a inserción laboral do alumnado e impulsar a formación profesional que se imparte en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo





3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Manuel Corredoira López

